

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica na súa reunión de data 22 de xuño de 2017, en exercicio das súas funcións conforme ao recollido na *orde do 9 de abril de 2010 pola que se establece a composición, organización e funcionamento da comisión autonómica central de farmacia e terapéutica (CACFT)*, ante a recente actualización da estratexia terapéutica do “*Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud*” aprobada polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud (CISNS), e a baixo o asesoramento da Comisión Técnica-Asesora para a implantación do Plan Estratégico da Hepatite C creada de conformidade co artigo 9 da citada orde do 9 de abril de 2010, acorda por unanimidade:

Actualizar os criterios de uso dos antivirais de acción directa indicados no tratamento da Hepatite Crónica polo Virus da Hepatite C (VHC) e xa incluídos con anterioridade na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, conforme a actualización da liña estratéxica 2 do “*Plan Estratégico para el abordaje de la Hepatitis C en el Sistema Nacional de Salud*” (PEAHC), aprobada polo Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud celebrado o 21 de xuño de 2017.

Esta actualización (incorpórase como Anexo) ten como novidades, entre outras, as seguintes:

- Extensión do tratamento da hepatite crónica polo VHC a todos os grados de fibrose, segundo indicación médica.
- Eliminación da obrigatoriedade de realizar unha determinación da carga viral na semana 4 de tratamento. Durante o tratamento, a única determinación imprescindible da carga viral é ás 12 semanas de finalizar o tratamento que indica curación ou non curación da infección considerándose equivalente a resposta viral sostida
- Incorpórase a recomendación de utilizar con determinados rexímenes terapéuticos pautas cortas de tratamento de 8 semanas nalgúns subpoboacións de pacientes, tal e como recolle o documento de actualización da liña 2 do PEAHC, conforme ao xenotipo do virus, carga viral e as características clínicas do paciente.

Lémbrese a necesidade de desenvolver as recomendacións establecidas para o seguimento do perfil de seguridade dos tratamentos antivirais de acción directa, especialmente, en canto ao do risco de reactivación do virus da hepatite B e recurrencia do carcinoma hepatocelular (Recomendacións do Comité para la Evaluación de Riesgos en Farmacovigilancia Europeo-PRAC. Nota Informativa de seguridade da AEMPS- Ref MUH (FV) 17/2016, dispoñible en https://www.aemps.gob.es/informa/notasInformativas/medicamentosUsoHumano/seguridad/2016/docs/NI-MUH_FV_17-antivirales.pdf)

Esta resolución é comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



Jorge Aboal Viñas

Xerentes das Xerencias de Xestión Integrada